Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xogos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

[Xogo] Lobo meigo

Xogo do lobo meigo. Xogo de nenos. Un neno fai de lobo, outro de pastor e o resto de ovellas.

Os que fan de ovellas póñense en fileira co pastor diante. O que fai de lobo ponse en fronte deles e remexe no chan cun pauciño.

—Que fas aí, lobo meigo?—pregúntalle o pastor ao lobo.

—Tou buscando unha agulla ferrugente que me perderon os teus fillos. Mal morte chos leve antes da noite!

—Queres que che axude a buscala?

—Anda o teu camín e cala.

O lobo bótase ás ovellas, que están agarradas unhas ás outras, e o pastor deféndeas. Todas intentan safarse ata que unha cae nas pautas do lobo e pasa a substituír ao lobo.

Variante (en Paíme, Xan Xurxo de Piquín, Ribeira de Piquín, Lugo)

—Que fas aí, lobo meigo?

—Mexando detrás dese palleiro.

—Rabexar, rabexar, mentres o lobo vai mexar.

BIBLIOGRAFÍA

OTERO, Anibal, «Vocabulario de San Jorge de Piquín», Verba, Anuario gallego de Filología, anejo 8, Universidade de Santiago de Compostela, 1977.